

Os estudos meteorolóxicos no Val Miñor no primeiro terzo do século XX

Salvador Rodríguez Muñoz

INTRODUCCIÓN

Con motivo dos actos celebrados nas Escolas Proval no curso 2003-04, chegou ás miñas mans a tese doutoral da profesora D. María do Carme Domínguez Pereira sobre a creación das escolas U.H.A. pro Valle Miñor a principios do pasado século XX. Neste traballo cítanse datos que regularmente publicaban os Boletíns da Escola, nos que se recollía gran parte da vida escolar. E nestes Boletíns aparece reflectida brevemente a existencia dunha estación termopluiométrica instalada na propia escola, e ademais unha estación oficial.

Cando no ano 1987 solicitei ó actual INM (Instituto Nacional de Meteoroloxía) unha estación meteorolóxica para o Instituto, non tiña nin idea de que ¡70 anos antes xa existira outra! E non deixa de sorprender que sexa a mesma escola a depositaria nas dúas ocasións da única estación meteorolóxica oficial en todo o Val Miñor.

Como encargado da estación actual inmediatamente pedín á delegación do INM da Coruña que buscase nos seus arquivos se había algunha mención e, sobre todo, datos meteorolóxicos recollidos aquí na escola naquela época. Días máis tarde o xefe da sección de Climatoloxía, Rafael Sánchez González, tivo a amabilidade de enviarme toda a información que puido atopar: resúmenes de temperaturas e precipitacións publicadas nos anuarios do INM referidos ó Val Miñor e, para a miña leducía, máis de 60 tarxetas postais manuscritas polos profesores que sucesivamente se foron encargando das medidas de temperaturas e chuvias. Certamente, ¡un tesouro! Descoñezo se, ademais destas tarxetas, existirá aínda algún documento ou texto manuscrito directamente polos profesores das antigas Escolas U.H.A. Confeso que me causou emoción ter nas miñas mans as tarxetas que os meus colegas meteorolóxicos e docentes cubrían entón, as mesmas que agora cubro e envío eu ó INM.

Impresiona unha vez máis a calidade das Escolas U.H.A. e o “adiantadas” que estaban para o seu tempo: gabinete de Física e Historia Natural, con aparellos traídos de París, biblioteca, transporte escolar (se ben durou pouco tempo), comedor escolar, hixiene, métodos pedagóxicos avanzados, talleres, clases nocturnas, conferencias... e estación meteorolóxica. Abraiante para aqueles tempos.

A ESTACIÓN U.H.A. VAL MIÑOR

Aparentemente as medicións comezaron no ano 1917, cando as escolas estaban xa instaladas no novo edificio propiedade da Sociedade. A tarxeta meteorolóxica máis antiga que temos data de xuño dese ano. O observador era Casto Blanco del Pueyo, secretario da escola e profesor dos alumnos de terceiro grao (do cuarto grao e director era Eladio Ferreiro Otero). Inicialmente só mediron a chuvia caída (pluviómetro) e fixeron observacións sobre meteoros visibles. O pluviómetro estaba instalado no patio da escola; en palabras textuais de Enrique Valverde, no ano 1922 *"El pluviómetro está situado en el patio de las Escuelas y tiene la boca a 1'50 mt sobre el nivel del suelo"*.



As medicións facíanse tódolos días ás 12.00 horas do mediodía, festivos e domingos incluídos, é dicir, tódolos días do ano, como agora. Mensualmente cubrían unha tarxeta postal cos datos recollidos e enviában a Observatorio Central Meteorolóxico, daquela situado no Parque do Retiro, en Madrid. A tarxeta de xuño de 1917 está selada na oficina de correos de Gondomar, como a maioría das restantes.

A caseta meteorolóxica tardou algo máis en chegar que o pluviómetro. Roberto Tizón, encargado en agosto das medicións (por vacacións de Casto B. del Pueyo, supoño) observa na tarxeta dese mes que *"La caseta, por fin, ya se ha recibido y queda perfectamente instalada"*.

Pero Madrid non enviou os termómetros de máxima e mínima para a garita, e Casto reclámaos unha e outra vez: *"Hace un mes que está instalada la garita. Esperamos los aparatos, o informes que se nos den de ese Observatorio. Es suyo affmo. s. s. g. b. s. m."* (afectísimo seguro servidor que besa su mano, fórmula de cortesía moi típica entón, setembro 1917). O observatorio de Madrid solicita un "croquis indicando condiciones de instalación, modelo etc."

Provincia de *Pontevedra* Mes de *Junio* de 191*7*

Estación *Valle Miñor* Observador *A. Casto B. del Pueyo*

Hora de las mediciones *12 m.* Altura del pluviómetro sobre el suelo *1'50 m.*

Día	Altura en m.	Forma-Hora-Viento	Día	Altura en m.	Forma-Hora-Viento	Día	Altura en m.	Forma-Hora-Viento
1			11			21	174	0 E. N. - W. S. W.
2	0'7	0 N. - N. W.	12			22	0'8	0
3			13			23	0'9	
4		0 E. S. E.	14			24		
5	0'6		15			25		
6			16		0 S. E.	26		
7			17	1'8	0 N. - S. E. - 4 Tm. 0 S.	27		0 N. - N. W.
8			18	0'2	0 N. W. W. - N. S.	28	0'7	0 N. - N. W.
9			19	0'4	0 N. W.	29	0'6	
10			20	1'5'8	0 E. - N. W. - 0	30		
	0'7					31		
							26'9	Suma mensual 50'4 m/m

Número de días de lluvia *nueve* Número de días de nieve *ninguno*
 Altura mayor de lluvia recogida en 24 horas *19'4* el día *21*

modelo etc." Casto observa de novo en xaneiro de 1918: *"La garita meteorológica, perfectamente instalada hace bastante tiempo, es del modelo de ese Observatorio. Fue enviada por el Sr. Garbis siendo Jefe. Dos fotografías que se han sacado de ella, salieron mal"*.

Ainda habería que agardar máis. No ano 1919 o observador era Carlos Amigo Pallea, profesor dos alumnos de segundo grao. Na tarxeta de xuño escribe: *"Espero con avidéz el día en que pueda completar mis observaciones diarias con las de la temperatura de máxima y mínima por lo que ansío de veras la llegada de los aparatos de que en otra ocasión me han hecho men-*

ción". E na de outubro de 1919: "Año muy de veras llegada aparatos temperaturas para hacer más completa observación". O 14 de novembro o Observatorio Central por fin envía os "termómetros de máxima nº 19.167 y t.m. 19.105 y bastidor, los term. Bandin".

Ignoro que ocorreu cos termómetros, pero o primeiro ano do que temos medidas de temperaturas é 1921. Tanto no anuario de 1920 como nas tarxetas que temos dese ano só figuran precipitacións.

Provincia de León Mes de Octubre de 1919.
 Estación Val de Valverde Observador Carlos Amigo

Hora de las mediciones 11 Altura del pluviómetro sobre el suelo

Día	Altura en m	Forma-Hora-Viento	Día	Altura en m	Forma-Hora-Viento	Día	Altura en m	Forma-Hora-Viento
1	11	...	11	11	...	21	11	...
2	11	...	12	11	...	22	11	...
3	11	...	13	11	...	23	11	...
4	11	...	14	11	...	24	11	...
5	11	...	15	11	...	25	11	...
6	11	...	16	11	...	26	11	...
7	11	...	17	11	...	27	11	...
8	11	...	18	11	...	28	11	...
9	11	...	19	11	...	29	11	...
10	11	...	20	11	...	30	11	...
Total 31			Total 31			Total 31		

Número de días de lluvia = 11 Número de días de nieve = 0
 Altura mayor de lluvia recogida en 24 horas 11 en el día 30 Mayo de 1919.

O último profesor citado encargado da estación, Carlos Amigo, sería expulsado da Escola no 1921, logo de 11 anos nela, debido ós castigos corporais que imponía ós alumnos, prohibidos terminantemente polo Regulamento da Escola. Pasa a encargarse das medidas o profesor Enrique Valverde, que o fará ata 1923.

En xuño de 1920 as medicións diarias pasan a facerse ás 8.00 h da mañá, igual que

se fan hoxe en día. A tarxeta deste mes está selada por vez primeira na oficina de correos da Ramallosa.

Do ano 1922 é a única tarxeta-resumo anual que dispoñemos, manuscrita por Enrique Valverde. Nela sinala que "Para los termómetros hay una ganita del O.C.M." Polo demais, non temos ningún comentario nin observación feita por este profesor.

As observacións interrómpense en setembro do 1923, ou cando menos non quedaron datos rexistrados. Reanúdanse aparentemente en xaneiro de 1926 polo profesor José Couto Macía, pero só con datos de chuvia. Ata outubro dese ano non se miden de novo as temperaturas. Descoñezo a razón.

Na tarxeta de marzo de 1926 hai unha observación curiosa: "Por tener que ausentarse a cumplir sus deberes militares el encargado de la Estación D. José Couto Macía, yo, como profesor del mismo establecimiento me pongo al frente de ella por el tiempo que dicho señor tarde. Queda de V. su affmo. y s.s.g.c.s.m. Antonio Taboada".


Este profesor de primeiro grao, Antonio Taboada Tabanera, encargouse da estación de marzo a decembro do ano 1926. En xaneiro de 1927 pasa a encargarse dela o profesor Enrique Cuña, do que temos as tarxetas dese ano e as de xaneiro e febreiro de 1928, sendo esta a última da que temos noticia. Non obstante, os anuarios do Observatorio Central seguiron publicando datos ata o ano 1931, atribuído neles a José Couto Macía, penso que erroneamente.

DATOS METEOROLÓGICOS DA U.H.A. VAL MIÑOR


¿Como era o tempo nos anos das Escolas U.H.A.? Os datos recollidos entre os anos 1917 e 1931 permiten algúns comentarios. Non obstante, estes datos ás veces son fragmentarios: dispoñemos de oito anos completos de rexistros de chuvia e só tres de tem-

peraturas; temos tamén datos parciais mensuais no resto dos anos. Aínda así, podemos tirar algunhas observacións.

Precipitacións. Na gráfica seguinte (nº 1) recóllese a precipitación dos oito anos completos citados.



Destaca o período seco de cinco anos, 1918-1922, con valores de chuvia inferiores ós habituais actualmente (aproximadamente 1446 litros por metro cadrado) e sobre todo o ano 1921, excepcionalmente seco, con só 589 litros. Os anos 1926-1928 foron semellantes ós actuais.





A precipitación por meses recóllese na gráfica seguinte (nº 2), e compárase cos valores actuais.

Chama a atención a pouca variabilidade duns meses a outros, fóra da seca estival; a chuvia caída durante o outono e inverno cambia pouco nos meses de outubro a abril, en franco constraste coa variabilidade actual, con chuvias máis abondosas nos meses de outubro a xaneiro. En definitiva, semella que chove máis agora que antes.

Como dato curioso podó citar os 433 litros caídos en decembro de 1927, valor máximo dos recollidos na Escola U.H.A., aínda así bastante inferior ós 574 litros de decembro do 2000 ou os 562 litros de marzo de 2001 na nosa época moderna.

TEMPERATURAS

Os datos de que dispoñemos das temperaturas son fragmentarios. O máis que podemos facer é unha comparativa das máximas e mínimas mensuais coas das datas actuais; recóllese nas gráficas seguintes (nº 3 e 4).



Vese claramente como as temperaturas máximas son sistematicamente maiores na nosa época actual en tódolos meses do ano (agás decembro, case igual). Algo semellante ocorre coas temperaturas mínimas, con valores maiores agora en verán, outono e inverno, con diferencias nalgúns meses superiores a dous graos. Destacan os valores extremos do ano 1922, con temperaturas máximas de 36.2 e 36.3°C en maio e agosto, e máximas superiores a 31°C durante cinco meses seguidos (maio a setembro), o que veu xuntarse á escasa chuvia caída nesas datas (gráfico 1).

A temperatura máis baixa rexistrada foi -3.2°C o 30 de novembro dese mesmo ano 1922. Curiosamente, no resumo anual que posúo elaborado polo profesor Enrique Valverde, xa citado anteriormente, léese con claridade “-8.2°C”; comparada esta temperatura coas doutros observatorios de zonas máis frías, penso que é un erro de escritura ou transcripción e que nunca se chegou a un valor tan frío como ese.

